

Unidade 12: Tensións internacionais e Segunda Guerra Mundial

Documento descargable 1. Comentario dun texto

«A posición económica de Alemaña esbozada moi brevemente a grandes trazos, é como segue:

1.- Estamos superpoboados e non podemos alimentarnos cos nosos propios medios...

4.- No que fai ao subministro de alimentos, este non pode ser satisfeito dende o interior da economía alemana (...) De xeito similar somos incapaces, na actualidade, de producir sistematicamente certas materias primas.

6.- A solución final reside nunha extensión do «Lebensraum» (*espacio vital*), ou sexa das materias primas e bases alimenticias, respectivamente do noso pobo. Esta é a tarefa do mando político para resolver, á larga, este problema.

Polo tanto, establezo o seguinte programa para a solución final á nosa crecente necesidade de sobrevivir:

- Como no caso do rearme ou mobilización militar e política, respectivamente, da nosa nación, tamén debe facerse así no económico, coa mesma rapidez e resolución...(...) débese levar a Alemaña, política e economicamente, a un estado de autosuficiencia. (...)

Resumindo brevemente: considero necesario que de hoxe en adiante cheguemos, cunha vontade de ferro, a ser independentes dos subministros exteriores e academos unha autosuficiencia do 100% das nosas máis importantes materias primas. Tamén deste xeito aforraremos as divisas estranxeiras necesarias en tempos de paz para a importación dos nosos subministros alimenticios...Polo tanto, establezo os seguintes obxectivos:

I.- O exército alemán debe estar preparado para loitar no prazo de 4 anos.

II.- En 4 anos, a economía alemana debe estar en condicións de soste unha guerra».

A.HITLER: **Memorándum secreto redactado en Agosto de 1936.**

Lembra a teoría:

1- **Contextualización histórica:** *que pasaba nese momento?*

Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico...Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.

2.- **Análise dos contidos:** *que quere dicir este texto?*

Haberá que **seleccionar as ideas máis importantes**, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das **ideas secundarias**.

Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc....que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.

3.- *Que sei eu deste tema?*

Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.

4.- **Conclusión:** *que importancia tivo este feito na súa época?*

É recomendable rematar cunha **conclusión ou valoración global**, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.

Nesta segunda avaliación debemos pretender que as cuestións aparezan enlazadas como un único comentario, aínda que guiado.

Cuestións:

1. Situar o texto tendo en conta o autor, a data e o razoamento
2. Analizar a situación económica de Alemaña en torno ao ano 1936.
3. Explicar as ideas fundamentais do texto que xiran arredor das frases subliñadas.
4. Identificar ao autor do texto e relacionalo coa ideoloxía correspondente.
5. Consecuencias do programa que reflicte este aspecto da ideoloxía nazi.

A resposta está feita enlazando as cuestións para conformar un único comentario.

Documento descargable 2. Mapa conceptual da ONU



Analiza e comenta este mapa conceptual (que aparece na páxina 19 da unidade) sobre a estrutura da ONU.

Lembra que podes seguir os seguintes pasos:

Como é unha representación gráfica pode facilitarche a aprendizaxe, partindo da comprensión e a relación entre os contidos de cada círculo.

Observación: tema e cronoloxía. Cal é o concepto principal e que consecuencia provoca ese feito.

Descrición e análise: Importancia do círculo máis grande, relación cos círculos mais pequenos e cadrados. Ten en conta as cores. Consecuencias: accións que desenvolve cada círculo e por qué. Funcións que desempeñan.

Conclusións: establece conexións entre círculos ou cadrados, e entre cores para relacionar os contidos.

SOLUCIÓNS:

Documento 1.

O texto é un extracto dun razoamento de Adolf Hitler no ano 1936, uns anos antes do comezo da 2ª Guerra Mundial (1939-1945). Pertence a un memorando secreto, que é un escrito do goberno para expoñer o estado da situación económica de Alemaña e as accións a levar a cabo.

Neste memorando secreto Hitler explica desde a súa posición ideolóxica a necesidade de materias primas que tiña Alemaña, fundamentalmente alimentos pero tamén fala de outras “*certas materias primas*”, que deixa ver as súas intencións.

A situación económica en Alemaña era deficitaria xa que tiña menor acceso ás materias primas e aos mercados que as potencias coloniais. Tamén ten relación co Tratado de Versalles e as súas consecuencias, debido á humillación sufrida por Alemaña a causa das duras condicións económicas impostas polos vencedores(Alemaña tiña que facer pagos abusivos), circunstancia que vai unida á crise económica mundial de 1929. Esta crise reforzou o nacionalismo alemán e o auxe do fascismo ao unirse os problemas económicos cunha ideoloxía que propugnaba unha política de forza para recuperar o prestixio internacional que os alemáns tiveran noutro tempo, entre outros obxectivos.

Vemos tamén como o Tratado de Versalles impuxo a desmembración forzosa do exército alemán, reducido a 100.000 homes, o que provocaba tamén fortes tensións internas. (Mención aos *Freicorps*).

Hitler fala primeiro da situación económica pero despois comeza a falar da situación política, dicindo que Alemaña ten dereito a recuperar territorios e asegurarse o que chama “*espacio vital*”. (reunir a todos os pobos de lingua alemá e conquistar espacio para a súa seguridade e desenvolvemento económico)

A continuación fala do seu programa para lograr este obxectivo. Este programa está baseado en conseguir unha economía autosuficiente, polo que é preciso convencer á poboación alemá mediante a propaganda da necesidade do orgullo e unha política de rearme social, establecendo o servizo militar obrigatorio, formando unha forza aérea e poñendo á poboación a traballar na industria de guerra.

- A autosuficiencia da economía alemá responde como todas as políticas económicas dos estados totalitarios a unha ideoloxía que pretende acadar un sistema de independencia do exterior, reforzando as ideas nacionalistas de fabricar todo dentro do propio país. Esta idea é de onde saíu o modelo fascista italiano e o modelo franquista español.

A intensificación do rearme alemán foi un feito A subordinación da economía alemana á fabricación de armamento deulle seguridade ás reivindicacións fascistas de Hitler e o proceso de nazificación da sociedade completouse colocando nos cargos do exército a xenerais nazis en postos clave. En suma o plan de Hitler era:

- Dereito do pobo alemán ao expansionismo territorial (espacio vital)
- Construción da autosuficiencia económica.
- Rearme político e militar.(partido único e traballo para as fábricas de armamento).
- Política de forza e guerra expansionista.

Documento 2.

Seguindo eses pasos a análise e comentario do mapa conceptual podería concretarse así:

Este mapa conceptual representa o funcionamento actual da ONU (Organización de Nacións Unidas). É unha estrutura complexa na que se observan dous círculos organizativos que corresponden aos **Órganos principais e os Órganos subsidiarios**.

Os órganos principais son os mais grandes:

A **Asemblea Xeral** que ten 192 países membros e cada país ten un voto. É un órgano de deliberación, xa que só recomenda pero non decide, polo que as súas decisións non son vinculantes (non obrigan) aos estados membros. Tamén nomea a recomendación do consello de seguridade ao **secretario xeral** que actualmente é Ban Ki-Moon.

Pode adoptar medidas, incluso o emprego da forza en caso de ameaza da paz.

A Asemblea ten unha serie de **comités permanentes** (cor azul e cadrados) formados por expertos e foi establecendo unha serie de programas de actuación como o PNUMA (Programas das Nacións Unidas para o Medio Ambiente), ACNUR (Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) ou a UNICEF (Fondo das Nacións Unidas para a Infancia).

O círculo máis grande pola súa importancia é o **Consello de Seguridade**. Formado orixinariamente por once membros, está composto na actualidade por 15 estados: cinco permanentes —República Popular de China, Estados Unidos, Francia, Reino Unido e Rusia, como se pode ver nas bandeiras— e dez non permanentes, elixidos pola Asemblea Xeral por un período de dous anos.

Ao ser o órgano de deliberación e de adopción de resolucións máis importante, a cuestión do voto foi obxecto dun longo debate desde a creación da Organización. Nas decisións consideradas moi importantes requírese o voto afirmativo de nove membros entre os que deben estar incluídos, necesariamente, os dos cinco membros permanentes. Isto, na práctica, supón que estes cinco países teñen dereito de veto, e poden paralizar calquera resolución que non conveña aos seus intereses particulares. O Consello de Seguridade recomenda o nomeamento do secretario xeral e ao ser un órgano decisorio, pode enviar cascos azuis en caso de necesidade como forza de paz.

A **Secretaría Xeral**, que é un círculo mais pequeno está formada polo Secretario Xeral e polos funcionarios da Organización. O Secretario Xeral elíxese a Asemblea Xeral a proposta do Consello de Seguridade, por un período de cinco anos, con posibilidade de reelección. Pode chamar a atención do Consello de Seguridade sobre calquera asunto que poida poñer en perigo a paz e a seguridade internacionais.

Despois está o **Consello Económico e Social** é o órgano coordinador do labor económico e social das Nacións Unidas e dos organismos especializados. Coordina un amplo conxunto de comisións e organizacións entre as que destacan as que figuran no cadro das institucións colaboradoras da ONU: *FAO* (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación) *UNESCO* (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) *OMS* (Organización Mundial da Saúde) *OMC* (Organización Mundial do Comercio).

O ***Tribunal Internacional de Xustiza***: é o órgano xudicial principal da Organización, ao que poden recorrer todos os seus membros. A xurisdición do Tribunal esténdese a todos os litixios que os Estados lle sometan, tendo en conta os asuntos que figuran na carta e os tratados actuais.